

PLAN DE ACCIÓN  
PARA O CLIMA E  
A ENERXÍA SOSTÍBEL  
A POBRA DO CARAMIÑAL



Proxecto subvencionado ao abeiro das axudas destinadas a entidades locais asinantes do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía Sostible

*Frear o cambio climático*



Operación cofinanciada pola Unión Europea, a través do  
**FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)**  
Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020



PLAN DE ACCIÓN  
PARA O CLIMA E  
A ENERXÍA SOSTÍBEL  
A POBRA DO CARAMIÑAL



Documento redactado en setembro de 2020

Equipo redactor:

*Sicasoft Solutions S.L.:*

- *Susana Santamarina González*
- *Lara Suárez Portela*

*Concello da Pobra do Caramiñal:*

- *Xosé Lois Piñeiro (alcalde)*
- *Genoveva Hermo Santos (concelleira do Medio Ambiente)*
- *Beatriz González Penalta (técnica do Medio Ambiente)*

## ÍNDICE

0. RESUMO EXECUTIVO DO PACES .....	5
1. INTRODUCCIÓN.....	9
2. DESCRICIÓN DO MUNICIPIO .....	11
2.1 Posición xeográfica .....	11
2.2 Demografía .....	12
2.3 Territorio rural e urbano.....	12
2.4 Mobilidade.....	13
2.5 Economía .....	13
2.6 Dotacións e infraestruturas públicas ( <i>corrección de erros</i> ) .....	13
2.7 Planificación vixente .....	14
3. PLAN DE ACCIÓN DE ENERXÍA SOSTÍBEL .....	16
3.1. Coordinación e organización .....	16
3.2. Inventario de emisións de referencia .....	19
3.3. Plan de acción para a enerxía sostíbel.....	22
3.4. Programación das medidas de mitigación.....	55
3.5. Monitorización e seguimento.....	57
4. PLAN DE ADAPTACIÓN Ó CAMBIO CLIMÁTICO.....	59
4.1. Coordinación e organización .....	59
4.2. Escenarios de cambio climático.....	59
4.3. Análises de riscos.....	60
4.4. Análise de impactos.....	62
4.5. Análise da capacidade adaptativa .....	63
4.6. Grupos de poboación vulnerábeis.....	63
4.7. Plan de adaptación 2020-2030.....	64
4.7.1. <i>Auga</i> .....	64
4.7.2. <i>Medio ambiente e biodiversidade</i> .....	69
4.7.3. <i>Protección civil</i> .....	72
4.7.4. <i>Programación das medidas de adaptación</i> .....	74
4.7.5. <i>Monitorización e seguimento</i> .....	76
5. ORZAMENTO DO PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXÍA SOSTÍBEL DA POBRA DO CARAMIÑAL ....	79
6. BIBLIOGRAFÍA E FONTES .....	82
7. ANEXOS .....	85
7.1 ANEXO I: Inventario de emisións de referencia - IER .....	85
7.2 ANEXO II: Listaxe de gráficos, táboas e figuras .....	86
7.3 ANEXO III: Corrección de erros .....	87

# 0. RESUMO EXECUTIVO



## 0. RESUMO EXECUTIVO DO PACES


O Concello da Pobra do Caramiñal adheriuse no pasado 28 de febreiro de 2019 de forma voluntaria á iniciativa europea Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía, asumindo así os obxectivos en materia de mitigación de emisións de GEI e adaptación ó cambio climático definidos no novo marco de actuación en materia de clima e enerxía que a UE traslada, a través deste proxecto, ás autoridades locais dos estados que a integran.

Este Plan de acción é o documento que dá apoio a este compromiso. Conta con dúas partes diferenciadas. Por un lado, o Plan de acción para a enerxía sostíbel, que ten como obxectivo a descarbonización do territorio municipal, reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro no territorio municipal nun 40% para 2030, tomando como referencia o resultado do inventario de emisións producidas no ano 2015 dos sectores municipal, residencial, do transporte, enerxías renovábeis e xestión de residuos e auga.

A partir do establecemento do obxectivo de redución de emisións, definiuse un detallado plan de acción para o período 2015 – 2030, que recolle, en primeiro lugar, as accións postas en marcha dende o municipio no período 2015-2020 ou xa programadas, que supón xa unha redución de emisións dos GEI. E, ó mesmo tempo, proponse novas accións de mitigación por executar no período 2021-2030.

No conxunto do plan, a maior parte da redución de emisións recae sobre o Plan de mobilidade sostíbel, como expresa o seguinte gráfico.

Redución emisións 2015- 2030



**Gráfico 1.** evolución prevista da distribución de redución de emisións por sectores 2015- 2030  
Fonte: Elaboración propia

É significativo tamén o peso das accións programadas para o sector residencial que ten o plan, especialmente polo seu efecto multiplicador e transversal que garantirán o éxito do plan no seu conxunto.

O Concello da Pobra do Caramiñal prevé a redución ata 2030 das emisións dos seus edificios, instalación e equipamentos nun 40,0 % con respecto ó ano 2015, aplicando medidas destinadas á mobilidade sostíbel, aumento da eficiencia enerxética en edificios, instalación e equipamentos públicos, emprego de fontes de enerxía renovábel, a adquisición de enerxía verde certificada e a información e concienciación do persoal empregado público municipal.

O resultado da redución de emisións en 2030, con respecto ós GEI emitidos polo conxunto dos sectores inventariados en 2015, é de 40 %.

Acadar unha redución do 40% de emisións en 2030 colocará o Concello da Pobra do Caramiñal na traxectoria de alcanza-la neutralidade climática para o ano 2050, obxectivo asumido pola política europea do clima.

A segunda parte do plan de acción refírese á adaptación ó cambio climático, definida a partir dunha **avaliación de riscos, vulnerabilidades e fortalezas** baseada en documentos e os criterios de referencia que se recollen no apartado correspondente, e que avalía os riscos de temperaturas e choiva extrema, seca, incendios forestais, suba do nivel do mar e inundacións etc. Estas avaliacións están baseadas en proxeccións climáticas da Meteogalicia, documentos de ámbito autonómico, como o “Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia” (o Pladiga) e o informe “Plan especial da Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia” (o Inungal), as avaliacións de risco de ámbito local dispoñíbeis, como son o Plan municipal contra inundacións e o Plan municipal contra incendios forestais (en elaboración e pendentes de aprobar a finais do ano 2020), e maila experiencia de fenómenos climatolóxicos extremos e os seus impactos máis destacábeis trasladada polo Concello ó equipo redactor.

O municipio da Pobra do Caramiñal presenta uns riscos de vulnerabilidade que o fan especialmente sensíbel ós riscos identificados. Especialmente destacábeis son a saúde, o medio ambiente e biodiversidade, auga, edificios, transporte, educación, protección civil e emerxencias, planificación do uso do solo, agricultura e silvicultura, fronte ós riscos de temperaturas e choiva extrema, seca, incendios forestais, subida do nivel del mar e inundacións.

Para facer fronte ós impactos provocados polo clima prográmanse unha serie accións que, no futuro, farán o municipio da Pobra do Caramiñal menos vulnerábel, acompañadas dos seus correspondentes indicadores de seguimento, que permitirán dar conta dos avances do municipio neste campo.

Mención á parte merece o reto da pobreza enerxética e darlle unha adecuada resposta: prográmanse 3 accións, centradas na organización interna municipal, comunicación e participación e concienciación e sensibilización.


O Plan de adaptación recolle todas e cada unha das medidas propostas para limita-los impactos detectados en cada un dos sectores vulnerábeis.

Como equipo formado para a preparación do plan de acción e o proceso de redacción do PACES, tanto no referente á mitigación coma na adaptación, ademais do alcalde, Xosé Lois Piñeiro García; a concelleira do Medio Ambiente, Genoveva Hermo Santos; e o contacto principal, Beatriz González Penalta, técnica do Medio Ambiente do Concello da Pobra do Caramiñal, contouse co apoio dunha consultora externa e co Centro de Asesoramento a Concellos, dependente do coordinador do Pacto das Alcaldías na comunidade autónoma galega.


A posta en marcha do Plan de acción polo clima e a enerxía sostíbel implicará principalmente os departamentos municipais de Obras, Persoal, Réxime Interior, Facenda, Servizos Sociais, Servizos Municipais, Medio Ambiente, Participación Veciñal e Sanidade.

O desenvolvemento do plan sustentárase no investimento público e privado. Unha distribución final dos custos por sector do Plan de acción polo clima e a enerxía sostíbel da Pobra do Caramiñal, e a evolución prevista do investimento municipal ó longo do período de implantación do PACES, respectivamente, pódense ver nos seguintes gráficos.





**Gráfico 2.** Distribución do investimento do PACES por sector  
 Fonte: PACES A Pobra do Caramiñal. Elaboración propia



**Gráfico 3.** Evolución prevista da investimento municipal no desenvolvemento do PACES  
 Fonte: PACES A Pobra do Caramiñal. Elaboración propia

A definición do plan contou coa participación das partes interesadas, que foron o alcalde da Pobra do Caramiñal, a concelleira do Medio Ambiente da Pobra do Caramiñal e a técnica municipal do Medio Ambiente.

# 1.INTRODUCCIÓN



## 1. INTRODUCCIÓN

A necesidade de aborda-lo problema do cambio climático, respondendo os seus impactos potenciais no planeta e nas persoas, é unha das prioridades globais dos últimos anos e que, dada a súa magnitude, vai manterse nas axendas políticas, económicas e sociais das próximas décadas.

A UE aprobou no ano 2014 o Marco estratéxico en materia de clima e enerxía para o período 2020-2030, que establecía un obxectivo de redución de emisións dos GEI dun 30% para o ano 2030, con respecto ó ano 1990, para así supera-los obxectivos adoptados no ano 2008.

A sinatura do Acordo de París, en decembro de 2015, estableceu un marco global para evitar un cambio climático perigoso, mantendo o quentamento global moi por debaixo dos 2º C e proseguindo os esforzos para limitalo a 1,5º C, ó mesmo tempo que para apoia-los países nos seus esforzos para se adaptaren ós seus efectos.

Neste contexto global e europeo, o papel das cidades é fundamental ó estaren na primeira liña dos efectos climáticos, pois teñen que actuar tanto con estratexias de mitigación coma de adaptación.

O compromiso de redución de emisións do horizonte 2020 foran trasladados no ano 2008 ás autoridades locais a través do Pacto das Alcaldías pola Enerxía. O desenvolvemento deste acordo impulsou unha redución de emisións dos GEI equivalente ó 31% do total comprometido pola UE para o ano 2020. Do mesmo xeito, os obxectivos do Marco estratéxico en materia de clima e enerxía do ano 2014 foron trasladados ás autoridades locais a través do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía (2015), que é o acordo a que se adheriu o Concello da Pobra do Caramiñal, e en virtude do cal se redacta este PACES.

No 11 de decembro de 2019, baixo o lema “Tomando a iniciativa na loita contra o cambio climático”, a UE presentou o Pacto Verde Europeo (European Green Deal), unha nova estratexia de crecemento que transforme a UE, para o ano 2050, nunha economía moderna, eficiente no uso dos recursos e competitiva.

Na visión estratéxica para executar camiño do horizonte de 2050, as autoridades locais volven ser un dos axentes fundamentais, ó incluíren, entre os eixes claves da descarbonización da UE, a mobilidade sostíbel e intelixente e a transformación urbana.

Ante o contexto global antes referido, o Goberno local optou por reforzar ese compromiso, ratificando o Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía. Asume así os novos obxectivos de reducir emisións dos GEI (40% ata 2030) e de contar cunha estratexia local de adaptación ó cambio climático.

Se no desenvolvemento deste a mobilización de capitais e vontades privadas é crucial, será necesario, ademais, coñecer-la percepción da comunidade respecto á problemática climática municipal e implicala na súa resolución.

Por todo iso, A Pobra do Caramiñal quere avanzar nas súas actuacións ante o cambio climático, tanto no ámbito da mitigación coma da adaptación, mellorando o coñecemento sobre a situación e capacidades da vila, para poder atender e apoia-las necesidades e inquiredanzas da cidadanía e empresas, especialmente das PIME, ante os efectos do cambio climático.

## 2. DESCRICIÓN DO MUNICIPIO




## 2. DESCRICIÓN DO MUNICIPIO

### 2.1 Posición xeográfica

O Concello da Pobra do Caramiñal sitúase na comunidade autónoma galega, no suroeste da provincia da Coruña, na comarca do Barbanza, na latitude 42º 36' 00" norte e lonxitude 8º 56' 00" oeste.

O seu territorio municipal, cunha superficie de 32,51 km<sup>2</sup>, limita ó norte co municipio de Boiro, Ribeira ó sur e Porto do Son ó oeste. Encóntrase na marxe noroeste da ría da Arousa.



**Figura 1.** Mapa do municipio  
Fonte: Concello da Pobra do Caramiñal

O municipio da Pobra do Caramiñal está situado na cara sur da península do Barbanza, bañado polas augas da ría da Arousa. Está encaixado entre as augas da dita ría e a serra do Barbanza. No interior do municipio sitúanse as moles graníticas da Curotiña (368 m), A Curota (498 m), Os Forcados (590 m) ou o monte Barbanza (656 m), excelentes miradoiros naturais dende os cales se obteñen as mellores perspectivas das Rías Baixas. Deste gran bloque montañoso parte o sistema fluvial presidido polo río das Pedras, que baixa acompañado dunha multitude de arroyos.


O municipio está formado por cinco parroquias: Posmarcos, Santiago do Deán, O Caramiñal, Lesón e O Xobre. Son a de Santiago do Deán e a do Caramiñal as que se encontran no centro da vila. O litoral, onde se concentra a maior parte da poboación do municipio, está cheo de calas e praias, entre as cales destacan as dos Raposiños, Os Areos, Niñeiriños, A Barca, A Lombiña, A Illa ou A Corna.

Un tradicional dinamismo económico e o atractivo da paisaxe convertérono nun importante centro conserveiro e punto de destino para o turismo propio do verán.

## 2.2 Demografía

O padrón da poboación da Pobra do Caramiñal do ano 2019 indicaba 9338 habitantes, dos cales 4563 homes e 4775 mulleres. A poboación de orixe estranxeira ascendía a 133 persoas.

O índice de envellecemento era relativamente alto (148,43). A evolución recente da poboación exprésase co seguinte gráfico.



**Gráfico 4.** Evolución demográfica recente  
 Fonte: Instituto Galego de Estatística  
 Elaboración propia

## 2.3 Territorio rural e urbano

O territorio municipal divídese en 5 parroquias, que albergan un total de 102 núcleos de poboación.


Na parte máis urbana do municipio concéntrase, en apenas 15,84% do territorio municipal, un 91,2% da súa poboación e gran parte da actividade económica e comercial.

O recente desenvolvemento do municipio exprésase na composición do parque edificatorio, composto maioritariamente (un 79%) por edificios construídos despois do ano 1970.

Predomina a vivenda unifamiliar (un 86%) de uso maioritariamente principal. Un 14% das vivendas do municipio encóntranse baleiras e unha porcentaxe importante, un 55%, son casas construídas con anterioridade ó ano 1970.

## 2.4 Mobilidade

O parque de vehículos residentes no municipio da Pobra do Caramiñal está composto fundamentalmente por vehículos de turismo (84%), seguidos de motocicletas (8%) e camións (3%).



**Gráfico 5.** Distribución do parque de vehículos residentes na Pobra do Caramiñal segundo o tipo de vehículo  
 Fonte: Dirección Xeral de Tráfico (últimos datos dispoñíbeis, provisionais 2017).  
 Elaboración propia.

O 48% deles utilizan gasoil para se impulsaren, mentres un 51% utiliza gasolina. Tan só está rexistrado 1 vehículo eléctrico.

O municipio está servido por 2 liñas de transporte público interurbano en autocar: unha, realizada pola empresa Arriva e que conecta A Pobra do Caramiñal con Santiago de Compostela, con 14 viaxes ó día durante os 5 días laborais da semana, 50 prazas por autobús e que realiza un total de 75 viaxes á semana; e outra, realizada pola empresa Hermanos Ferrín, que conecta A Pobra do Caramiñal con Ribeira, con 16 viaxes ó día, con 50 prazas por autobús, e que realiza un total de 96 viaxes á semana.

Por outra parte, polo municipio da Pobra do Caramiñal pasan liñas de autobús de transporte público que se dirixen a 4 centros educativos (CEP Salustiano Rey Eiras, CEP Pilar Maestú Sierra (Cadreche), EEI Fernández Varela, IES da Pobra do Caramiñal), realizando 12 viaxes diarias e 190 semanais cun total de prazas de 359.

A rede viaria do municipio inclúe 3 vías de titularidade autonómica, 6 provinciais e unha multitude de vías locais.

## 2.5 Economía

Os servizos ocupan actualmente un 58% da poboación de alta laboral, a industria un 27%, a construción un 6% e o 9 % restante emprégase na agricultura e na pesca.

A taxa do desemprego rexistrado en 2019 é de 5%, sendo o sector dos servizos o que conta cunha maior incidencia desa situación de desemprego (70%), seguido da industria (14%).

## 2.6 Dotacións e infraestruturas públicas *(corrección de erros)*

A Pobra do Caramiñal conta cun total de 5 escolas da educación infantil, 2 centros da educación primaria e 1 da secundaria, de titularidade estatal, e 2 centros do ensino privado.

Canto ás instalación deportivas, o municipio conta con 3 complexos polideportivos, 1 deles de titularidade autonómica, 2 pavillóns deportivos cubertos, 3 pistas de xogo e 9 pistas deportivas, 2 delas de titularidade autonómica. Tamén conta cunha piscina cuberta, unha pista de motocrós e unha pista de tenis. Ademais, tamén cabe destaca-lo edificio de usos náuticos de titularidade



municipal, onde se sitúa a escola de vela e o club náutico de titularidade autonómica, xestionado por unha empresa privada.

Canto ás infraestruturas socioculturais, A Pobra do Caramiñal dispón de 1 centro cívico de xestión municipal e titularidade da mancomunidade e 1 biblioteca municipal. Neste ámbito tamén están presentes a oficina do turismo, a casa da cultura, o fogar das persoas xubiladas e o Museo Valle-Inclán. Tamén conta co teatro cine Elma, de titularidade e xestión privadas.

A asistencia sanitaria préstase a través de 1 centro de saúde. Existen outras instalacións de carácter asistencial como a residencia de persoas anciás, de titularidade e xestión autonómica, o centro de asistencia social para as persoas discapacitadas, a asociación de persoas discapacitadas do Barbanza, o centro de rehabilitación ás persoas toxicómanas, de titularidade municipal e xestión privada.

Outros equipamentos públicos dispoñíbeis son o centro da Protección Civil, a lonxa, o mercado municipal, o recinto feiral e 5 cemiterios. Tamén hai un tanatorio de titularidade e xestión privada.

## 2.7 Planificación vixente

O territorio municipal da Pobra do Caramiñal está ordenado polos instrumentos de ordenación territorial galegos, como as Directrices de ordenación do territorio (DOT) e mailo Plan de ordenación do litoral (POL). Ademais, aféctano as determinacións de, entre outros instrumentos sectoriais de ordenación, o Plan sectorial hidroeléctrico das cuncas hidrográficas de Galicia-Costa, o Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico, xestionadas pola Retegal (Redes de Telecomunicación Galegas), o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais da comunidade autónoma galega, o parque eólico Barbanza II e o parque empresarial do Barbanza.

O planeamento urbanístico vixente (Plan xeral de ordenación urbana) foi aprobado definitivamente no ano 2008.



### 3. PLAN DE ACCIÓN DE ENERXÍA SOSTÍBEL



### 3. PLAN DE ACCIÓN DE ENERXÍA SOSTÍBEL

#### 3.1. Coordinación e organización

Para a realización do Plan de acción para a enerxía sostíbel do municipio da Pobra do Caramiñal, creouse no Concello un grupo de traballo integrado polos seguintes membros:

- A alcaldía (áreas do Urbanismo, Obras, Persoal e Réxime Interior)
- Concellaría da Educación, do Deporte e do Medio Ambiente
- A técnica do Medio Ambiente
- Concellaría da Cultura, da Sanidade e das Relacións Institucionais
- Concellaría para a Promoción Económica, o Comercio, a Facenda, o Turismo e a Igualdade
- Concellaría dos Servizos Sociais, dos Servizos Municipais e do Benestar Animal
- Concellaría da Mocidade, a Seguridade Cidadá e a Participación Veciñal




Figura 2. Grupo de traballo para o Plan de Acción para a Enerxía Sostíbel do municipio da Pobra do Caramiñal

A monitorización e o seguimento do Plan de acción serán desenvolvidos polo mesmo equipo. Calquera mudanza neste organigrama será comunicado á plataforma de Covenant of Mayors (en diante CoM).

Este esquema organizativo garante a determinación política na execución do Plan ó mesmo tempo ca a continuidade no seu desenvolvemento, dende o momento da súa redacción ata o ano horizonte do PACES.

### *3.1.1 Participación das partes interesadas e da cidadanía*

A elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sostíbel (en diante PACES) da Pobra do Caramiñal contou coa participación da Concellaría da Educación, dos Deportes e do Medio Ambiente, tanto na recompilación de datos, informes e documentos, coma na toma de decisións, así como co apoio técnico do equipo redactor externo.

Así, a definición da estratexia municipal da Pobra do Caramiñal fronte ó reto de mitiga-la mudanza climática partiu da análise da situación, no ano 2015, das principais fontes de emisións do termo municipal que teñen relación coa actividade do municipio. A recompilación dos datos necesarios para establecer este punto de partida foi coordinada pola técnica da área do Medio Ambiente do Concello, que mantivo unha interlocución coas compañías e entidades prestadoras de servizos municipais e cos diferentes departamentos municipais, dos cales se obtiveron os datos necesarios para o inventario de emisións.

A formulación do plan de acción tivo en conta o coñecemento profundo que o persoal empregado municipal implicado na súa redacción ten da realidade pobrense, dos efectos da mudanza climática sobre o seu territorio e dos proxectos desenvolvidos ou formulados pola autoridade municipal e autonómica (nalgúns casos) nos últimos anos.

Na definición das liñas de actuación, tanto de mitigación coma de adaptación, contouse coa totalidade da corporación municipal e da oposición, asegurando así que a estratexia fronte á mudanza climática do municipio da Pobra do Caramiñal teña polo menos continuidade en todo o período de desenvolvemento do Plan, é dicir, deica o ano 2030.

Por outro lado, a participación externa, tanto da cidadanía coma das empresas, será fundamental para alcanza-lo éxito na consecución dos obxectivos da política local do clima. Hai que ter en conta que o éxito na consecución de boa parte dos obxectivos de mitigación e adaptación expostos non depende directamente da acción municipal senón que descansa no sector privado. Por iso, as accións de concienciación e comunicación que acompañan as liñas de actuación deseñadas para os diferentes sectores, teñan ou non obxectivos específicos, son capitais para o desenvolvemento da estratexia.

### *3.1.2. Recursos humanos e financeiros*

Para a coordinación da posta en funcionamento da estratexia contida no Plan de acción contarase coa dedicación parcial dos recursos humanos municipais, compatíbel coas funcións cotiás que actualmente desempeñan no Concello. Para o deseño, desenvolvemento e seguimento do Plan de acción estímase que será necesaria a colaboración puntual de asesoramento técnico externo, que complemente as capacidades da Administración municipal.

O Concello da Pobra do Caramiñal compromete, de aquí a 2030, un mínimo de **9.959.286,94 euros** para o desenvolvemento do PACES, contando, sempre que for posíbel, con recursos públicos complementarios de ámbito provincial, autonómico, estatal e europeo, e a mobilización de recursos privados, especialmente os procedentes do sector residencial. A estratexia alíñase co Pacto Verde Europeo, a Estratexia Española do Cambio Climático e Enerxía Limpa e a Estratexia

Galega do Cambio Climático e Enerxía 2050. Así, reducirase ó mínimo o impacto financeiro da posta en funcionamento desta estratexia.

### 3.1.3. Monitorización e seguimento

As medidas de seguimento e monitorización de resultados instrumentaranse a través das seguintes actuacións:

- O Inventario das emisións de referencia, que se debe actualizar cada dous anos a partir do ano 2020, a través da presentación do Inventario de emisións de seguimento.
- O seguimento dos indicadores asociados a cada medida de actuación.
- A actualización do plan de actuación de mitigación e adaptación, a partir do ano 2022, cada 2 anos, rendendo contas do progreso da súa execución, expresando o estado real de cada medida prevista, axustando o plan ó seu auténtico desenvolvemento e, inclusive, reforzando o plan de acción con novas medidas que permitan alcanza-los obxectivos marcados.

### 3.2. Inventario de emisións de referencia

Analizáronse as fontes de emisión de gases de efecto invernadoiro (en diante GEI) do municipio da Pobra do Caramiñal, incluídas no ámbito do Pacto das Alcaldías, referidas ós seguintes sectores:

- Equipamentos, instalacións e edificios municipais, incluíndo o alumamento público
- Edificios residenciais
- Mobilidade
- Ciclo da auga
- Ciclo dos residuos
- Produción e consumo de enerxía renovábel

Seguindo os criterios e indicacións da Guía para Presentación de Informes – Reporting Guidelines 2020 realizouse un Inventario de emisións de referencia para o ano 2015. Cúmrese así o mínimo de 3 sectores clave inventariados requiridos pola plataforma de CoM: municipal, residencial e transporte.

Para as emisións dependentes do uso da enerxía determináronse os consumos diferenciados segundo a fonte empregada e aplicáronse os factores de emisión locais (nacionais) para cada unha das fontes para o ano 2015. Obtivéronse así as emisións en toneladas de dióxido de carbono (tCO<sub>2</sub>). Non se inventariou o efecto de emisións doutros gases procedentes de combustíbeis fósiles.

Así, para o sector municipal empregáronse os datos proporcionados pola contabilidade municipal (facturas da subministración de electricidade, combustíbeis) e do rendemento de proxectos de enerxías renovábeis postos en marcha polo concello dende 2015.

Para o sector residencial partiuse do informe SECH-SPAHOUSEC desenvolvido polo IDAE no ano 2009 e extrapoláronse os resultados de consumos unitarios de fontes de enerxía dos domicilios (por m<sup>2</sup>, por habitante e por fogar) á composición do parque de fogares do ano 2015 na Pobra do Caramiñal.

Dentro do sector do transporte utilizáronse os datos de contabilidade municipal para así inventaria-los consumos do parque móbil municipal; con base nos datos de operación das liñas de transporte público de persoas viaxeiras (autobús) estimáronse os consumos deste subsector; e, para estima-los consumos do transporte privado e comercial, calculouse o volume do combustíbel consumido no municipio no ano do inventario, partindo dos volumes subministrados

en 2015 na provincia da Coruña e da composición do parque automobilístico residente no municipio da Pobra do Caramiñal.

Para as emisións non dependentes da enerxía (ciclo da auga e dos residuos) tivéronse en conta as emisións de CH<sub>4</sub> e N<sub>2</sub>O, obtidas a partir dos datos de operación do tratamento de residuos e das augas residuais, proporcionados polas concesionarias destes servizos municipais. Ás emisións así obtidas aplicáronse-las respectivos factores de conversión para convertelas en teqCO<sub>2</sub> e así poder incorporalas ó Inventario de emisións de referencia (IER).

Tivéronse tamén en conta as emisións evitadas pola produción, dentro do concello da Pobra do Caramiñal, de fontes renovábeis, en concreto, as procedentes dos aerogeradores situados no concello da Pobra do Caramiñal, dos parques eólicos Barbanza I e Barbanza II e do parque eólico singular da Pobra do Caramiñal.

O resultado deste Inventario de emisións de referencia para o ano 2015, que se detalla no anexo I deste documento, é o marco sobre o cal deseñar unha estratexia para a súa redución, nun 40%, no período de 15 anos (2015-2030) previsto para a execución do plan.

### 3.2.1. Resumo do inventario de emisións de referencia

Na Pobra do Caramiñal os sectores municipal, residencial e da mobilidade foron responsábeis dun consumo de enerxía final en 2015 de 84920 Mwh, e unhas emisións equivalentes de gases de efecto invernadoiro de 18899 tCO<sub>2</sub>.


A distribución por sectores indica que o da mobilidade (transporte privado e comercial) é o de maior peso nas emisións, seguido do sector residencial e que o municipal, e dos sectores que non dependen da enerxía como son o tratamento de residuos e augas, teñen un peso moito menor canto ás emisións de CO<sub>2</sub>.

Debido á existencia de parques eólicos no concello (aerogeradores pertencentes ós parques eólicos de Barbanza I, Barbanza II e parque eólico singular da Pobra do Caramiñal), xerouse un total de 15801 Mwh de enerxía eólica no ano de referencia 2015, evitando unhas emisións equivalentes de gases de efecto invernadoiro de -6163 tCO<sub>2</sub>.

**Táboa 1.** Inventario de consumos e emisións por sectores

Sector	Consumo enerxía		Emisións	
	Mwh	%	tCO <sub>2</sub> /teqCO <sub>2</sub>	%
Municipal	1.956	2%	33	0%
Residencial	44.561	52%	4633	27%
Transporte	38.403	45%	11.096	65%
Tratamento RSU	-	-	1213	7%
Tratamento augas residuais	-	-	225	1%

Fonte: Datos do Concello da Pobra do Caramiñal  
Elaboración propia.



**Gráfico 7.** Diagramas de consumos e emisións por sectores ano 2015

Fonte: Datos do Concello da Pobra do Caramiñal

Elaboración propia


Por fontes de enerxía é o gasóleo o que ten maior peso no transporte, mentres a electricidade é a máis utilizada nos demais sectores.

**Táboa 2.** Inventario de consumos e emisións por fonte de enerxía

Fonte de enerxía	Consumo enerxía		Emisións	
	Mwh	%	tCO2/teqCO <sub>2</sub>	%
Electricidade renovábel	0	0%	0	0%
Electricidade non renovábel	20.155	24%	7.860	33%
Gas natural	9.953	12%	2.011	9%
Gas licuado	3.800	4%	889	4%
Gasóleo C	5.809	7%	1.661	7%
Gasóleo A	29.903	35%	9.120	39%
Gasolina	6.744	8%	1.976	8%
Carbón	296	0%	105	0%
Biocombustíbel	1.750	2%	0	0%
Outras biomásas	6.360	7%	0	0%
Solar	100	0%	0	0%
Xeotermia	51	0%	0	0%

Fonte: Datos do Concello da Pobra do Caramiñal

Elaboración propia



**Gráfico 8.** Diagramas de consumos e emisións por fonte de enerxía renovábel/ non renovábel

Fonte: Datos do Concello da Pobra do Caramiñal

Elaboración propia

### 3.3. Plan de acción para a enerxía sostíbel

Partindo do Inventario de emisións de referencia realizado para o ano 2015 elaborouse un detallado plan de acción para o período 2015-2030, cuxa execución permita reducir, como mínimo, un 40% as emisións dos GEI sobre as resultantes do inventario.

Este plan de acción recolle accións postas en marcha polo concello e outras administracións e entidades públicas e privadas no municipio no período 2015-2020. Estas accións implican unha redución de emisións equivalente ó 3,2% do resultado do inventario para 2015. Por outro lado, recolle as accións programadas e aínda non executadas, que implicarán, no horizonte 2030, unha redución de emisións equivalente ó 36,8% do resultado do inventario de referencia.



O resto da redución de emisións será o resultado de novas medidas por executar nos próximos 10 anos.

Prográmanse un total de 24 accións, das cales 20 están distribuídas nos sectores inventariados e, ademais, inclúense outras 4 de carácter transversal, que impulsan e permiten o desenvolvemento eficaz do PACES.

A seguir descríbense as accións, sector a sector, as súas características e obxectivos específicos.

### *3.3.1. Accións de carácter transversal*

Para desenvolver eficientemente o PACES é preciso, en primeiro lugar, a definición de estruturas competenciais e de coordinación vertical e horizontal dentro da organización interna municipal. Este esforzo complementábase con 4 accións de carácter transversal que se dirixen a diferentes ámbitos e sectores de poboación do concello.

O esforzo de redución de emisións depende fundamentalmente da veciñanza e do sector privado. Polo tanto é imprescindible dar conta do estado e desenvolvemento do PACES ás diferentes partes interesadas, e a súa implicación por medio de canles de participación bidireccionais.

Outro eixe importante que o Concello pode abordar internamente para reducir emisións é a adopción de criterios de adquisición de materiais, equipamento e electrodomésticos, servizos e investimentos orientados á redución de consumos enerxéticos e emisións dos GEI, e á produción de enerxía renovábel.

Por último, é preciso concienciar e educar ambientalmente a poboación para que coñeza a problemática ambiental e sexa consciente dos problemas a que nos enfrontamos derivados da mudanza climática e así acolla mellor as accións derivadas do PACES.

**Táboa 3.** Fichas de accións transversais

Tipo de acción	<input checked="" type="checkbox"/> Mitigación <input checked="" type="checkbox"/> Adaptación <input checked="" type="checkbox"/> Pobreza enerxética (+mitigación e/ou adaptación)
Título da acción	<b>Medidas de organización municipal</b>
Acción clave	<input type="checkbox"/>
Orixe da acción	<input checked="" type="checkbox"/> Autoridade local <input type="checkbox"/> Coordinador ou promotor do Pacto <input type="checkbox"/> Nacional <input type="checkbox"/> Rexional <input type="checkbox"/> Mixto <input type="checkbox"/> Outro
Organismo responsábel	<b>Concello da Pobra do Caramiñal</b>
Descrición breve da acción	<b>Definición das estruturas competenciais e de coordinación vertical e horizontal dentro da organización interna municipal.</b>
Inicio da implantación	<b>2020</b>
Final da implantación	<b>2022</b>
Estado da implantación	<input type="checkbox"/> Completada <input type="checkbox"/> Non se iniciou <input type="checkbox"/> Cancelada <input checked="" type="checkbox"/> En proceso
Partes interesadas na acción	<input type="checkbox"/> Gobernos ou axencias nacionais <input checked="" type="checkbox"/> Gobernos ou axencias subnacionais <input type="checkbox"/> Empresas e sector privado <input checked="" type="checkbox"/> Sindicatos <input type="checkbox"/> Investigadores <input type="checkbox"/> Sector educativo <input type="checkbox"/> ONG e sociedade civil <input type="checkbox"/> Cidadanía
Fonte de financiamento	<input checked="" type="checkbox"/> Recursos propios da autoridade local <input type="checkbox"/> Fondos e programas rexionais <input type="checkbox"/> Fondos e programas nacionais <input type="checkbox"/> Fondos e programas da UE <input type="checkbox"/> Sociedades públicas e privadas <input type="checkbox"/> Asociacións privadas <input type="checkbox"/> Outras <input type="checkbox"/> Cidadanía
<b>Detalles da acción</b>	
Sector	<input type="checkbox"/> Edificios municipais <input type="checkbox"/> Edificios e equipamentos/instalacións terciarias <input type="checkbox"/> Edificios residenciais <input type="checkbox"/> Industria <input type="checkbox"/> Transporte <input type="checkbox"/> Produción local de electricidade <input type="checkbox"/> Produción local de calor e frío <input type="checkbox"/> Resíduos <input checked="" type="checkbox"/> Outros
Impacto estimado	
Aforro de enerxía (Mwh/ano)	<b>0</b>
Produción de enerxía renovábel (Mwh/ano)	<b>0</b>
Redución de CO2 (tCO2/ano)	<b>0</b>
Grupos de poboación vulnerable aos que vai dirixida a acción	<input type="checkbox"/> Mulleres e nenas <input type="checkbox"/> Nenos <input type="checkbox"/> Mocidade <input type="checkbox"/> Anciáns <input type="checkbox"/> Grupos marxinados <input type="checkbox"/> Persoas con discapacidade <input type="checkbox"/> Persoas con enfermidades crónicas <input type="checkbox"/> Fogares con baixos ingresos <input type="checkbox"/> Persoas desempregadas <input type="checkbox"/> Persoas que viven en infravivendas <input type="checkbox"/> Persoas migrantes e desprazadas <input checked="" type="checkbox"/> Outros <input checked="" type="checkbox"/> Todos



Tipo de acción	<input checked="" type="checkbox"/> Mitigación <input checked="" type="checkbox"/> Adaptación <input checked="" type="checkbox"/> Pobreza enerxética (+mitigación e/ou adaptación)
Título da acción	<input checked="" type="checkbox"/> Plan de comunicación e participación PACES 2020-2030
Acción clave	<input type="checkbox"/>
Orixe da acción	<input checked="" type="checkbox"/> Autoridade local <input type="checkbox"/> Coordinador ou promotor do Pacto <input type="checkbox"/> Nacional <input type="checkbox"/> Rexional <input type="checkbox"/> Mixto <input type="checkbox"/> Outro
Organismo responsábel	<input checked="" type="checkbox"/> Concello da Pobra do Caramiñal
Descrición breve da acción	<input checked="" type="checkbox"/> Disseminación do estado e desenvolvemento do PACES ás diferentes partes interesadas. Desenvolvemento de canles de comunicación e participación a través das seguintes canles: presencial, RRSS, prensa, campañas específicas
Inicio da implantación	<input checked="" type="checkbox"/> 2020
Final da implantación	<input checked="" type="checkbox"/> 2030
Estado da implantación	<input type="checkbox"/> Completada <input type="checkbox"/> Non se iniciou <input type="checkbox"/> Cancelada <input checked="" type="checkbox"/> En proceso
Partes interesadas na acción	<input type="checkbox"/> Gobernos ou axencias nacionais <input checked="" type="checkbox"/> Gobernos ou axencias subnacionais <input type="checkbox"/> Empresas e sector privado <input type="checkbox"/> Sindicatos <input type="checkbox"/> Investigadores <input type="checkbox"/> Sector educativo <input type="checkbox"/> ONG e sociedade civil <input type="checkbox"/> Cidadanía
Fonte de financiamento	<input checked="" type="checkbox"/> Recursos propios da autoridade local <input type="checkbox"/> Fondos e programas rexionais <input type="checkbox"/> Fondos e programas nacionais <input type="checkbox"/> Fondos e programas da UE <input type="checkbox"/> Sociedades públicas e privadas <input type="checkbox"/> Asociacións privadas <input type="checkbox"/> Outras <input type="checkbox"/> Cidadanía
<b>Detalles da acción</b>	
Sector	<input type="checkbox"/> Edificios municipais <input type="checkbox"/> Edificios e equipamentos/instalacións terciarias <input type="checkbox"/> Edificios residenciais <input type="checkbox"/> Industria <input type="checkbox"/> Transporte <input type="checkbox"/> Produción local de electricidade <input type="checkbox"/> Produción local de calor e frío <input type="checkbox"/> Residuos <input checked="" type="checkbox"/> Outros
Impacto estimado	
Aforro de enerxía (Mwh/ano)	<input checked="" type="checkbox"/> 0
Produción de enerxía renovábel (Mwh/ano)	<input checked="" type="checkbox"/> 0
Redución de CO2 (tCO2/ano)	<input checked="" type="checkbox"/> 0
Grupos de poboación vulnerable aos que vai dirixida a acción	<input type="checkbox"/> Mulleres e nenas <input type="checkbox"/> Nenos <input type="checkbox"/> Mocidade <input type="checkbox"/> Anciáns <input type="checkbox"/> Grupos marxidados <input type="checkbox"/> Persoas con discapacidade <input type="checkbox"/> Persoas con enfermidades crónicas <input type="checkbox"/> Fogares con baixos ingresos <input type="checkbox"/> Persoas desempregadas <input type="checkbox"/> Persoas que viven en infravivendas <input type="checkbox"/> Persoas migrantes e desprazadas <input type="checkbox"/> Outros <input checked="" type="checkbox"/> Todos



Tipo de acción	<input checked="" type="checkbox"/> Mitigación <input type="checkbox"/> Adaptación <input type="checkbox"/> Pobreza enerxética (+mitigación e/ou adaptación)
Título da acción	<b>Plan de compra verde 2021-2030</b>
Acción clave	<input type="checkbox"/>
Orixe da acción	<input checked="" type="checkbox"/> Autoridade local <input type="checkbox"/> Coordinador ou promotor do Pacto <input type="checkbox"/> Nacional <input type="checkbox"/> Rexional <input type="checkbox"/> Mixto <input type="checkbox"/> Outro
Organismo responsábel	<b>Concello da Pobra do Caramiñal</b>
Descrición breve da acción	<b>Adopción de criterios de adquisición de materiais, equipamento e electrodomésticos, servizos e investimentos orientados á redución de consumos enerxéticos e emisións de GEI, e á produción de enerxía renovabel</b>
Inicio da implantación	<b>2021</b>
Final da implantación	<b>2030</b>
Estado da implantación	<input type="checkbox"/> Completada <input checked="" type="checkbox"/> Non se iniciou <input type="checkbox"/> Cancelada <input type="checkbox"/> En proceso
Partes interesadas na acción	<input type="checkbox"/> Gobernos ou axencias nacionais <input checked="" type="checkbox"/> Gobernos ou axencias subnacionais <input checked="" type="checkbox"/> Empresas e sector privado <input type="checkbox"/> Sindicatos <input type="checkbox"/> Investigadores <input type="checkbox"/> Sector educativo <input type="checkbox"/> ONG e sociedade civil <input type="checkbox"/> Cidadanía
Fonte de financiamento	<input checked="" type="checkbox"/> Recursos propios da autoridade local <input checked="" type="checkbox"/> Fondos e programas rexionais <input checked="" type="checkbox"/> Fondos e programas nacionais <input checked="" type="checkbox"/> Fondos e programas da UE <input type="checkbox"/> Sociedades públicas e privadas <input type="checkbox"/> Asociacións privadas <input type="checkbox"/> Outras <input type="checkbox"/> Cidadanía
<b>Detalles da acción</b>	
Sector	<input checked="" type="checkbox"/> Edificios municipais <input type="checkbox"/> Edificios e equipamentos/instalacións terciarias <input type="checkbox"/> Edificios residenciais <input type="checkbox"/> Industria <input checked="" type="checkbox"/> Transporte <input type="checkbox"/> Produción local de electricidade <input type="checkbox"/> Produción local de calor e frío <input checked="" type="checkbox"/> Residuos <input type="checkbox"/> Outros
Impacto estimado	
Aforro de enerxía (Mwh/ano)	<b>32</b> <small>(estímase un aforro de 10% de consumo en enerxía eléctrica en edificios municipais)</small>
Produción de enerxía renovábel (Mwh/ano)	<b>0</b>
Redución de CO2 (tCO2/ano)	<b>13</b>
Grupos de poboación vulnerable aos que vai dirixida a acción	<input type="checkbox"/> Mulleres e nenas <input type="checkbox"/> Nenos <input type="checkbox"/> Mocidade <input type="checkbox"/> Anciáns <input type="checkbox"/> Grupos marxinados <input type="checkbox"/> Persoas con discapacidade <input type="checkbox"/> Persoas con enfermidades crónicas <input type="checkbox"/> Fogares con baixos ingresos <input type="checkbox"/> Persoas desempregadas <input type="checkbox"/> Persoas que viven en infravivendas <input type="checkbox"/> Persoas migrantes e desprazadas <input type="checkbox"/> Outros <input checked="" type="checkbox"/> Todos



Tipo de acción	<input checked="" type="checkbox"/> Mitigación <input checked="" type="checkbox"/> Adaptación <input checked="" type="checkbox"/> Pobreza enerxética (+mitigación e/ou adaptación)
Título da acción	<input checked="" type="checkbox"/> Plan de concienciación e educación ambiental
Acción clave	<input type="checkbox"/>
Orixe da acción	<input checked="" type="checkbox"/> Autoridade local <input type="checkbox"/> Coordinador ou promotor do Pacto <input type="checkbox"/> Nacional <input type="checkbox"/> Rexional <input type="checkbox"/> Mixto <input type="checkbox"/> Outro
Organismo responsábel	<input checked="" type="checkbox"/> Concello da Pobra do Caramiñal
Descrición breve da acción	<input checked="" type="checkbox"/> Concienciar e educar ambientalmente á poboación para que coñezan a problemática ambiental e sexan coñecedores dos problemas aos que nos enfrentamos derivados do cambio climático e acollan mellor as accións derivadas do PACES
Inicio da implantación	<input checked="" type="checkbox"/> 2021
Final da implantación	<input checked="" type="checkbox"/> 2027
Estado da implantación	<input type="checkbox"/> Completada <input checked="" type="checkbox"/> Non se iniciou <input type="checkbox"/> Cancelada <input type="checkbox"/> En proceso
Partes interesadas na acción	<input checked="" type="checkbox"/> Gobernos ou axencias nacionais <input checked="" type="checkbox"/> Gobernos ou axencias subnacionais <input checked="" type="checkbox"/> Empresas e sector privado <input checked="" type="checkbox"/> Sindicatos <input type="checkbox"/> Investigadores <input checked="" type="checkbox"/> Sector educativo <input checked="" type="checkbox"/> ONG e sociedade civil <input checked="" type="checkbox"/> Cidadanía
Fonte de financiamento	<input checked="" type="checkbox"/> Recursos propios da autoridade local <input checked="" type="checkbox"/> Fondos e programas rexionais <input checked="" type="checkbox"/> Fondos e programas nacionais <input checked="" type="checkbox"/> Fondos e programas da UE <input type="checkbox"/> Sociedades públicas e privadas <input type="checkbox"/> Asociacións privadas <input type="checkbox"/> Outras <input type="checkbox"/> Cidadanía
<b>Detalles da acción</b>	
Sector	<input type="checkbox"/> Edificios municipais <input type="checkbox"/> Edificios e equipamentos/instalacións terciarias <input type="checkbox"/> Edificios residenciais <input type="checkbox"/> Industria <input type="checkbox"/> Transporte <input type="checkbox"/> Produción local de electricidade <input type="checkbox"/> Produción local de calor e frío <input type="checkbox"/> Residuos <input checked="" type="checkbox"/> Outros
Impacto estimado	
Aforro de enerxía (Mwh/ano)	<input checked="" type="checkbox"/> 0
Produción de enerxía renovábel (Mwh/ano)	<input checked="" type="checkbox"/> 0
Redución de CO2 (tCO2/ano)	<input checked="" type="checkbox"/> 0
Grupos de poboación vulnerable aos que vai dirixida a acción	<input type="checkbox"/> Mulleres e nenas <input type="checkbox"/> Nenos <input type="checkbox"/> Mocidade <input type="checkbox"/> Anciáns <input type="checkbox"/> Grupos marxinados <input type="checkbox"/> Persoas con discapacidade <input type="checkbox"/> Persoas con enfermidades crónicas <input type="checkbox"/> Fogares con baixos ingresos <input type="checkbox"/> Persoas desempregadas <input type="checkbox"/> Persoas que viven en infravivendas <input type="checkbox"/> Persoas migrantes e desprazadas <input type="checkbox"/> Outros <input checked="" type="checkbox"/> Todos

### 3.3.2. Accións no sector municipal

Prevense un total de 8 accións no sector municipal: partindo da certificación enerxética dos edificios municipais e as súas instalacións, propónse a execución das medidas de mellora da envolvente térmica, na eficiencia e sostibilidade da produción de auga quente e calefacción, e a eficiencia da iluminación dos edificios municipais.

Algunhas das anteriores accións xa foron postas en marcha, como a instalación de paneis solares no mercado e no pavillón polideportivo municipal.

Partindo das accións de mellora da eficiencia enerxética do alumbeamento público xa postas en marcha (Paio, A Pontenaveira, rúa Unión e a máis xeral realizada con fondos EBC), prevese a súa extensión ó conxunto do sistema do alumbeamento público municipal, coa substitución de luminarias existentes por outras máis eficientes, a instalación de reloxos astronómicos, de sistemas de regulación de fluxo luminoso e control dixital.

Un esforzo pola concienciación do persoal empregado público local e mais das persoas usuarias dos equipamentos e servizos municipais no uso responsábel e eficiente da enerxía permitirá unha significativa redución de consumos eléctricos e, polo tanto, das emisións dos GEI.

Complementariamente á asunción de compromisos de compra verde municipal prevese a substitución dos actuais contratos da subministración eléctrica pola compra de enerxía verde certificada cun factor de emisión máximo de 0,10 tCO<sub>2</sub>/Mwh.

Tamén se levaron a cabo actuacións para mellora-la eficiencia enerxética da estación depuradora de augas residuais (en diante EDAR), en 2018 instaláronse convertedores de frecuencia e no ano 2019 realizouse a substitución dos difusores existentes por outros de alta frecuencia, accións executadas no marco do proxecto Aqualitans.

Táboa 4. Fichas de accións sector municipal

Tipo de acción	<input checked="" type="checkbox"/> Mitigación <input type="checkbox"/> Adaptación <input type="checkbox"/> Pobreza enerxética (+mitigación e/ou adaptación)
Título da acción	<b>Certificación enerxética de edificios municipais</b>
Acción clave	<input type="checkbox"/>
Orixe da acción	<input checked="" type="checkbox"/> Autoridade local <input type="checkbox"/> Coordinador ou promotor do Pacto <input type="checkbox"/> Nacional <input type="checkbox"/> Rexional <input type="checkbox"/> Mixto <input type="checkbox"/> Outro
Organismo responsábel	<b>Concello da Pobra do Caramiñal</b>
Descrición breve da acción	<b>Certificación enerxética dos edificios municipais e as súas instalacións.</b>
Inicio da implantación	<b>2021</b>
Final da implantación	<b>2021</b>
Estado da implantación	<input type="checkbox"/> Completada <input checked="" type="checkbox"/> Non se iniciou <input type="checkbox"/> Cancelada <input type="checkbox"/> En proceso
Partes interesadas na acción	<input type="checkbox"/> Gobernos ou axencias nacionais <input checked="" type="checkbox"/> Gobernos ou axencias subnacionais <input type="checkbox"/> Empresas e sector privado <input type="checkbox"/> Sindicatos <input type="checkbox"/> Investigadores <input type="checkbox"/> Sector educativo <input type="checkbox"/> ONG e sociedade civil <input type="checkbox"/> Cidadanía
